

## CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 2026

Aprobada en Comisión Permanente de 30 de outubro de 2026

### 1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

A docencia é unha misión fundamental da Universidade e como tal precisa do máximo apoio institucional na procura da súa excelencia. Para isto é precisa a valoración xeral da propia actividade docente, o recoñecemento dos esforzos de renovación e mellora por parte do profesorado neste ámbito e o fornecemento da innovación docente. Por isto, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte realiza a presente convocatoria de proxectos de innovación educativa.

O obxectivo deste programa é apoiar proxectos encamiñados ao deseño e implantación de accións de innovación educativa na docencia da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra. Preténdese fomentar a aplicación práctica das innovacións desenvolvidas e a súa transferencia.

Por medio desta resolución se convocan estas subvencións para actuacións que se desenvolvan durante o ano 2026.

### 2. PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

Os equipos deberán estar formados cando menos por **cinco membros do PDI a tempo completo con docencia maioritaria** na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Tendo en conta o cumprimento do anterior requisito, poderán ademais formar parte do equipo outros membros do PDI con docencia na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte ou persoal investigador en formación do centro. Poderá participar como colaborador persoal externo. Cada persoa só pode formar parte dun proxecto.

A persoa solicitante será a investigadora principal do proxecto e deberá ser un membro do PDI con docencia maioritaria no centro.

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como **Anexo I**. As persoas interesadas deberán presentar tamén unha memoria do proxecto segundo as instrucións do **Anexo II** desta convocatoria.

O prazo para presentar esta documentación rematará o **18 de novembro de 2025**, e deberá realizarse mediante instancia xenérica (SXER) da Sede Electrónica da Universidade de Vigo dirixida ao Decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : CEISER-273e-6d12-7269-0e0b-3c80-fb54-fca0-49ae | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsbzvymyf

Código seguro de Verificación : GEN-26e3-6efd-041c-13c5-221a-2921-551d-4a43 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800040s25N0000057

CSV

GEISER-273e-6d12-7269-0e0b-3c80-fb54-fca0-49ae

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://run.gob.es/hsbzvymyf

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/10/2025 10:14:51 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-273e-6d12-7269-0e0b-3c80-fb54-fca0-49ae

CSV : GEN-26e3-6efd-041c-13c5-221a-2921-551d-4a43

Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

FIRMANTE(1) : OSCAR GARCIA GARCIA | FECHA : 30/10/2025 13:39 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 30/10/2025 13:39



Liña prioritaria de actuación:

- Programa de innovación educativa Polos Creativos (Xunta de Galicia).

Entre outros posibles ámbitos de actuación están:

- Deseño e implantación de novas estratexias e técnicas didácticas.
- As TIC e a súa aplicación na docencia.
- Intervencións educativas innovadoras.
- Metodoloxías de avaliación adaptadas ao EEES.
- Educación STEAM.
- Axenda 2030 e Campus CREA.

Non se financiarán desenvolvementos puramente tecnolóxicos.

Para a xestión, avaliación, revisión e seguimento do programa formarase unha comisión formada por:

1. O Sr. Decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, ou persoa en quen delegue, quen presidirá a comisión.
2. A Sra. Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, ou persoa en quen delegue.
3. A Sra. Directora da Área do Campus de Especialización Crea, ou persoa en quen delegue.

Efectuada a valoración, publicarase a listaxe provisional de axudas aprobadas e denegadas, para que no prazo de cinco días hábiles se presenten as reclamacións oportunas. Transcorrido o dito prazo, publicarase a relación definitiva de estudos concedidos.

### 3. DURACIÓN E DOCUMENTACIÓN FINAL

As actuacións desenvolveranse durante o ano 2026. A data límite para achegar a memoria final do proxecto e a documentación para os pagamentos (Anexos III e IV) é o **13 de novembro de 2026**.

A memoria final terá formato de artigo de innovación educativa cunha orientación divulgadora, cunha extensión de entre 3000 e 6000 palabras (Anexo V). Irá precedido dun resumo en castelán ou galego dun máximo de 150 verbas e 3-5 palabras clave. O título, o resumo e as palabras clave incluíranse tamén en inglés. Ao realizarse solicitude de proxecto as persoas solicitantes aceptan que se publique

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800040s25N0000057

CSV

GEISER-273e-6d12-7269-0e0b-3c80-fb54-fca0-49ae

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://run.gob.es/hsbzvymypF>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/10/2025 10:14:51 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-273e-6d12-7269-0e0b-3c80-fb54-fca0-49ae

CSV : GEN-26e3-6efd-041c-13c5-221a-2921-551d-4a43

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : OSCAR GARCIA GARCIA | FECHA : 30/10/2025 13:39 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 30/10/2025 13:39



o devandito artigo con licenza Creative Commons CC BY-NC-ND (Recoñecemento - Non Comercial - Sen Obra Derivada).

#### 4. RECURSOS E GASTOS SUBVENCIONABLES

Cada proxecto pode solicitar un máximo de 3000 € de financiamento. A dotación estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria.

As subvencións imputaranse ao orzamento do ano 2026 e deberanse dedicar a:

- Adquisición de material inventariable e non inventariable.
- Servizos de reprografía.
- Pago de conferencias.
- Estudos e traballos técnicos.

#### 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes serán avaliadas para valorar a súa calidade científico-académica seguindo os seguintes criterios:

- Xustificación das accións de innovación educativa e obxectivos: ata 30 puntos.
- Metodoloxía e plan de traballo: ata 15 puntos.
- Coherencia á adecuación do orzamento: ata 15 puntos.
- Plan de implantación práctica, impacto potencial e transferencia de resultados: ata 20 puntos.
- Valoración do Curriculum Vitae do equipo de investigación no referente á Innovación Educativa: ata 20 puntos.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O Decano

Óscar García García

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800040s25N0000057

CSV

GEISER-273e-6d12-7269-0e0b-3c80-fb54-fca0-49ae

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://run.gob.es/hsbzvympyF>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/10/2025 10:14:51 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-273e-6d12-7269-0e0b-3c80-fb54-fca0-49ae

CSV : GEN-26e3-6efd-041c-13c5-221a-2921-551d-4a43

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : OSCAR GARCIA GARCIA | FECHA : 30/10/2025 13:39 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 30/10/2025 13:39

